

DEGAS. PAIXÓN POLA PERFECCIÓN

[David Bickerstaff, 2018]

504

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 25 e 26 de marzo de 2019 | V.O.S.E.

Degas: A Passion for Perfection (2018, 85')

Dirección: David Bickerstaff

Guión: David Bickerstaff

Elenco: Trevor Allan Davies

Distribuidora: A Contracorriente

Formato de proxección: DCP2K, 2.00:1

Idioma orixinal: Inglés

SINOPSE

Ás veces frustrado polos seus propios fracasos e nunca plenamente satisfeito cos seus progresos, Edgar Degas foise consumindo polas súas obsesións, costándolle mesmo a vista, pero a súa determinación en capturar a vida cotiá é evidente ao observar cada unha das pinceladas que compoñen os seus cadros.



**TEMPADA
DE ARTE**

—
**AS GRANDES
FIGURAS
DA ARTE
NO CINEMA**

3

DEGAS. PAIXÓN POLA PERFECCIÓN

[David Bickerstaff, 2018]

“A cámara pode aumentar o sentido do material artístico”

Entrevista con David Bickerstaff

O filme baséase na mostra do museo Fitzwilliam de Cambridge. Que che fillo escoller esta mostra no canto de facer unha revisión máis xeral do traballo do artista desde un punto de vista biográfico?

Quixen centrar o documental na narrativa central dunha exposición de alta calidade sobre un artista de renome internacional como Degas. Sempre adorei este museo, que alberga unha das maiores coleccións británicas de arte, así que cando souben que estaba organizando a máis grande mostra arredor de Degas abrazamos a oportunidade de traballar con ela. Aínda que o filme se centra na exposición, sempre ensanchamos o narrativo máis aló das paredes do museo con detalles biográficos e traballos que non están alí pero que foron significativos para a historia de Degas, como o grupo de retratos da súa familia, a familia Bellelli.

Hai planos dos traballos que van seguindo a forma na que os artistas observan as súas pinturas e bocetos, que se moven desde un plano pechado de detalle e de adiante a atrás para conseguir trasladar a sensación da superficie e de como os detalles constrúen o xeral. Isto é tamén parte da túa práctica como artista?

Cando estudas, a primeira cousa que aprendes é a observar. Estás chamado a mirar e mirar unha outra vez, a preguntarte que ves e que significa. Creo que son habilidades que fican contigo e poden ser aplicadas a calquera práctica creativa ou á busca dunha comprensión maior. Achegándote aos traballos e sobre todo no caso dos cadros caes na conta de que a superficie non é plana, ten volume material. A cámara pode aumentar o sentido do material artístico e achegarnos ás marcas feitas por mestres coma Degas. Gústame pensar que trasladei o meu entrenamiento como artista á miña práctica cinematográfica desacelerando o proceso de ollar, e dando espazo á curiosidade, á observación e á aprendizaxe.

A relación entre o detalle e o xeral e o seguimento filmico conxuga ben coa man do artista empregando pasteis para despois mollalos. O espectador ve o proceso. Gústanos observar, responder, desfacer os detalles, darlle un sentido de viaxe, contar historias co tempo cambiado, e por sorte isto resulta natural á experiencia de observar arte,

facen arte e aprender da práctica artística. Ás veces os cineastas tratan de captar a atención do proceso dotando á cámara unha presenza deliberada como se estivese usando algunha técnica manual pero non creo que esta enerxía visual sexa precisa para filmes como este porque a enerxía e o poder visual xa está nos traballos. Amosar o proceso artístico é importante para contextualizar eses filmes e amosar a natureza táctil da arte, pero non me gustaría ter un público concentrado no proceso de rodaxe en vez de estalo no proceso de estar facendo arte.

Fragmento da entrevista publicada en trebuchet-magazine.com

“Gustaríame ser famoso e descoñecido”

«Non hai arte menos espontánea que a miña. O que fago é resultado da reflexión e do estudo dos grandes mestres; de inspiración, espontaneidade, temperamento, non sei nada. Hai que refacer dez, cen veces, o mesmo tema. Na arte nada debe parecer un accidente, nin sequera o movemento». Con esta frase de Edgar Degas comeza o documental baseado no célebre pintor impresionista do século XIX. Esta produción pretende ser o precursor do ambicionado proxecto de Bickerstaff por levar á gran pantalla a arte.

Degas: Paixón pola perfección céntrase na vida do pintor francés. O seu tormento como artista, a súa ambición e a procura incansábel polo realismo e o movemento nas súas obras permitíronlle converterse nun dos fundadores do movemento impresionista de mediados do século XIX. Ademais da biografía, o documental fala da técnica utilizada por Degas nas súas obras e analízalas para comprender os sentimentos do artista. Aborda tamén parte da historia museo Fitzwilliam, onde descansa a maior parte da colección de obras de arte do artista, incluída a súa famosa pequena bailarina de catorce anos de bronce e tres esculturas femininas de arxila.

Tamén explica a temática cotiá, utilizando como exemplo a obra *A familia Bellelli*, analizando cada parte da pintura e cada personaxe que a compoñen tanto física como metafóricamente. O carácter que adopta cada cadro amosa a obsesión de Degas por retratar escenas íntimas e realistas, onde vemos a mulleres lonxe de escenarios idílicos posando cun carácter casual en escenas pouco habituais.

Publicado en condecultura.com
Traducións: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

Hommage à Degas, A.A.VV. Gallimard
Vida privada de los impresionistas, Sue Roe. Turner, 2008

TEMPADA DE ARTE AS GRANDES FIGURAS DA ARTE NO CINEMA

14 e 15 de xaneiro
Os nenúfares de Monet
(Giovanni Troilo, 80')

25 e 26 de febreiro
Van Gogh. Dos campos de trigo baixo ceos nubrados (Giovanni Piscaglia, 70')

25 e 26 de marzo
Degas, paixón pola perfección
(David Bickerstaff, 85')

29 e 30 de abril
O mozo Picasso (Phil Grabsky, 85')

6 e 7 de maio
Leonardo, quinto centenario
(Francesco Invernizzi, 90')

3 e 4 de xuño
Klimt & Schiele. Eros e psique
(Michele Mally, 90')

1 e 2 de xullo
Rembrandt (Kat Mansoor, 97')



NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org